



ASUNTO: Proceso de estabilización de emprego temporal dunha praza estrutural vacante da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo coa denominación "Axente de Emprego e Desenvolvemento Local" incursa nos supostos das Disposicións Adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro. Nomeamento

(EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 210/14)

O 30 de novembro de 2022 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) publicáronse as bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para estabilización do emprego temporal e ingreso nunha praza estrutural vacante da Mancomunidade Da Área Intermunicipal de Vigo adscrita a persoal laboral fixo de xornada completa e o grupo 2 de cotización coa denominación "Axente de Emprego e Desenvolvemento Local" incursa nos supostos das disposicións adicionais sexta e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro. Posteriormente foron modificadas parcialmente polo anuncio no BOPPO do 21.03.2023.

A praza atópase incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Concelleira delegada da MAIV mediante Resolución data 21.06.2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 128 de 6.07.2022.

Finalizado o procedemento de selección establecido nas bases e á vista acta de resultado final da sesión de data 03.12.2024 do Tribunal de cualificador do proceso selectivo designado por Resolución do 15 de novembro de 2024;

á vista do informe xurídico proposta de nomeamento emitido pola Secretaria da Mancomunidade de Vigo;

e á vista do informe favorable emitido pola Intervención da Mancomunidade de Vigo;

e finalmente, en cumprimento do disposto no art. 21.1.g) e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local e do artigo 41.4 c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro e no decreto de delegación de competencias de 21 de xullo de 2023,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear persoal laboral fixo na praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local pertencente ao subgrupo de cotización A2 incluída na Oferta de Emprego Público da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ao aspirante que acadou maior puntuación D. PEDRO LUIS FÍRVIDA DIZ con DNI 36094963-M.

SEGUNDO.- Requirir a D. PEDRO LUIS FÍRVIDA DIZ para que no prazo de cinco días formalice o oportuno contrato laboral.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2024 14:53	Páxina 1 de 2
210-14	CSV: A9AEC5-465AEF-32B3A9-MYQGX4-9L98AJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Lgs

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 21/07/2023)

Patricia Rodriguez Calviño



Dou fé,

A SECRETARIA DA MAIV

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2024 14:53	Páxina 2 de 2
210-14	CSV: A9AEC5-465AEF-32B3A9-MYQG X4-9L98AJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		